

PREMIOS DE NOVO CIRCO GALEGO “MANU LAGO”

Dende hai anos existe a necesidade de realizar un evento que convoque ao sector Novo Circo Galego, que sirva para recoñecer o esforzo das súas profesionais, e que ademais funcione como escaparate para promocionar a calidade das súas propostas. En Galicia, ao contrario que noutras comunidades, non existe ningún premio específico para o circo, a pesar de que o sector está xa o suficientemente consolidado, cunha ampla variedade de artistas, compañías e espectáculos de diversa índole.

MANUEL LAGO

A APCG quere cubrir este baleiro inaugurando a primeira edición dos **Premios de Novo Circo Galego *Manu Lago***, e de paso honrar a memoria do pallaso e malabarista Manuel Lago García, un dos artistas que máis fixo pola consolidación Novo Circo Galego, tristemente falecido en 2017.

CATEGORÍAS

Nesta primeira edición de 2024 recoñeceranse as tres seguintes categorías:

- Premio “Manu Lago” ao Mellor Espectáculo de Rúa:
Outorgado ao mellor espectáculo de novo circo de rúa.
- Premio “Manu Lago” ao Mellor Espectáculo de Sala
Outorgado ao mellor espectáculo de novo circo de sala.
- Premio “Manu Lago” de Recoñecemento do Novo Circo Galego:
Outorgado a algunha artista, compañía, entidade ou persoa para recoñecer a súa labor na visibilización, promoción e difusión do NCG.

GALARDÓNS

Cada unha das tres categorías serán premiadas cunha estatuíña que lembre a figura do artista de circo Manuel Lago, realizadas pola artista plástica Raquel Germade, e todas as finalistas recibirán un diploma acreditativo firmado pola directiva da APCG.

CONVOCATORIA E VOTACIÓNS

A convocatoria para a presentación de solicitudes non será aberta, se non que as socias da APCG decidirán as posibles candidatas e realizarán dúas roldas de votacións entre todas as socias para decidir aos gañadores.

BASES:

1. Nun primeiro momento, abrirase unha convocatoria aberta só ás socias da APCG para propoñer nominacións por cada categoría. O prazo será do 17 de xuño de 2024 ata o 17 de setembro de 2024 e enviaranse a premiosmanulago.apcg@gmail.com

Teráanse en conta os seguintes REQUISITOS para cada categoría:

A/ Mellor Espectáculo de Rúa:

- Espectáculos ideados para a Rúa e que se realicen nesta.
- Da igual o ano de produción, pero que aínda circulen no 2024.
- De artistas galegas: ou nadas Galicia ou ben residentes en Galicia

B/ Mellor Espectáculo de Interior

- Espectáculos ideados para Sala e que se realicen nesta.
- Da igual o ano de produción, pero que aínda circulen no 2024.
- De artistas galegas: ou nadas Galicia ou ben residentes en Galicia

C/ Recoñecemento á Labor na Promoción e Difusión do Novo Circo Galego

- Entidades, asociacións, empresas, festivais, persoas ou compañías que levaran a cabo unha labor fundamental e salientable ao longo da súa traxectoria para visibilizar e potenciar o sector do novo circo galego.

-

O número de nominacións será ilimitado, poderanse propoñer espectáculos de artistas e compañías aínda que non sexan socias da APCG, pero ningún espectáculo da categoría Rúa e Sala poderá estar nominado en ambas categorías.

2. Abrirase unha rolda de nominacións coa lista de todas as propostas, a través dun formulario que se enviará vía mail e vía grupo de whatsapp. As socias poderán votar ata tres opcións por categoría. Esta primeira rolda permanecerá aberta do 1 ao 20 de outubro de 2024. Desta votación sairán tres nominacións finalistas para cada unha das modalidades.

3. Na derradeira rolda de votacións, tamén a través dun formulario que se enviará vía mail e vía grupo de whatsapp a todas as socias. Haberá que escoller unha opción entre as tres finalistas en cada unha das modalidades, que se escolleron maioritariamente na anterior rolda de votacións. Desta volta sairán os nomes das gañadoras desta primeira edición dos Premios. Nesta ocasión, só se pode votar por unha das opcións presentadas. Só se admitiran os votos emitidos entre o 4 e o 24 de novembro de 2024.

ENTREGA

A entrega de premios realizarase nunha gala denominada Circo de Inverno, o 10 de decembro de 2024 no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Un evento no que se contratará a un equipo de dirección artística e de produción, así como a un elenco de artistas, para realizar un espectáculo creado especificamente para a ocasión, e no que se fará entrega dos devanditos premios.

CIRCO DE INVERNO

O Circo de Inverno, servirá tamén como presentación do Arquivo Online do Novo Circo Galego, convertíndoo no punto de encontro e plataforma de exposición para as profesionais do sector. Será unha ocasión para celebrar, para atoparse e para amosar a calidade das artistas e compañías galegas do sector, así como unha homenaxe para Manu Lago, o noso amigo que tanto fixo polo Novo Circo Galego.